

OBRIGAS DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS EN VIRTUDE DA SINATURA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE PXD (recollidas na cláusula 4.4. do convenio)

OBRIGAS DE CARÁCTER XERAL

- a. Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación (SXD, Intervención Xeral, Consello de Contas, e calquera outro nacional ou europeo).
- b. Comunicarlle ao órgano concedente a modificación de calquera das circunstancias que afectase a algún dos requisitos ou parámetros tidos en conta na valoración do proxecto.
- c. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- d. Dispoñer do libro de contabilidade (art. 43 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia).
- e. Asegurar a presenza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (LOGO XUNTA + DEPORTE GALEGO) en termos de presentación e comunicación das actuacións federativas e publicitarias:
 - Garantir a presenza institucional da Consellería nas presentacións e comunicacións das actuacións federativas oficiais.
 - Incluír a identidade corporativa da Consellería e do logotipo Deporte Galego en toda a publicidade que realice a federación.
 - Incluír na súa páxina web un enlace á web da SXD (<https://deporte.xunta.gal/>).
 - Incluír nas tarxetas ou licenzas federativas, a imaxe corporativa da Xunta de Galicia e facer constar que o seguro de accidente deportivo é por conta da SXD, no caso de federación adherida á póliza XOGADE de 6 a 16 anos.
 - Nos campionatos de España escolar do CSD e nos eventos deportivos de carácter nacional e internacional, os deportistas das seleccións galegas utilizarán a equipación atendendo ao manual corporativo da SXD.
- f. Presentar antes do 30.07.2025 no Rexistro de Entidades Deportivas as contas anuais e a memoria das actividades realizadas no exercicio 2024.
- g. Subministrarlle á SXD toda a información necesaria para o cumprimento do art. 4 (*Obriga de subministración de información*), da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- h. Transparencia: na web da federación haberá un apartado denominado "Transparencia" onde conste, polo menos:
 1. Información institucional, organizativa e de planificación:
 - Funcións: as de carácter público delegadas, as dos seus estatutos e as propias (art.56, Lei 3/2012).
 - Normativa aplicable: Lei 3/2012; Decreto 85/2014; Decreto 16/2018; Estatutos, regulamentos...
 - Estrutura organizativa: organigrama e currículo profesional dos responsables dos distintos órganos federativos.
 2. Información económica, orzamentaria e estatística:
 - Relación de convenios e contratos subscritos coas Administracións Públicas e información básica descritiva dos mesmos (entidade promotora do convenio/contrato, obxecto e duración, importe de licitación e adxudicación, data adxudicación e prazo execución).
 - Subvencións e axudas concedidas, ou recibidas dunha Administración pública
 - Orzamento federativo.
 - Contas anuais aprobadas pola asemblea, informes de auditoría e de fiscalización que existan.
 - Retribucións anuais (soldos e dietas), de xeito individualizado, dos máximos responsables federativos.

OBRIGAS DE CARÁCTER ESPECÍFICO

- a. Executar o reparto orzamentario por programas da ficha I do convenio.
- b. Comunicarlle á SXD (5 días) os resultados relevantes (campións galegos e relevantes nacionais/Internacionais).
- c. Incrementar a práctica do seu deporte e promove o incremento de clubs e licenzas
- d. Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes (violencia/racismo/xenofobia e igualdade de premios).
- e. Promover o incremento da participación daquel xénero cuxa práctica sexa minoritaria.
- f. Fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade.
- g. Posibilitar a participación inclusiva, con especial atención nas actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar.
- h. Incrementar o nivel deportivo con plans de tecnificación.
- i. A participación dos equipos e deportistas da federación nas convocatorias da federación española.
- j. A realización dos campionatos galegos e competicións de ámbito autonómico que garanten a práctica da modalidade deportiva. Os campionatos galegos, copas de Galicia e similares, denominaranse "Campionato/Copa... Xunta de Galicia" e garantirase que os trofeos sexan entregados pola máxima autoridade representada pola Xunta no recinto do evento.
- k. A prevención e loita contra a dopaxe no deporte.
- l. A loita contra a violencia no deporte.
- m. A protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- n. Que os clubs garantan a protección xurídica do menor e o sistema de protección da infancia e adolescencia.
- o. A prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar.
- p. Garantir os dereitos lingüísticos (galego e castelán nas comunicacións).
- q. Comunicarlle á SXD a intención de solicitar competicións de carácter nacional/internacional, así como as datas e sedes de celebración dos campionatos galegos e outros eventos de relevancia (de carácter nacional ou internacional), con polo menos dúas semanas de antelación, incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á súa presentación, garantindo a presenza institucional nestes eventos.